



Á ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

Sra Rey,

O goberno central fixo público o 28 de outubro o seu proxecto de Orzamentos Xerais do Estado, comezando así o trámite parlamentario para a súa aprobación.

As declaracións das diversas forzas políticas do hemiciclo evidencian que a proposta de Orzamentos é o resultado de semanas, se cadra meses, de negociacións cos diversos axentes, entre os cales A Coruña non estivo presente, ou non foi escoitada.

Lamentablemente, o proxecto orzamentario consuma a falta de compromiso que xa se deixaba intuír do goberno de Pedro Sánchez coa Coruña, pospoñendo unha vez máis *sine die* investimentos estratéxicos para o futuro social e económico, e para a mellora da calidade de vida na cidade e a área metropolitana.

Nas contas do Estado hai ausencias clamorosas, que supoñen ademais un agravio en comparación cos investimentos previstos para outras cidades e autonomías. O exemplo máis evidente é a condonación da débeda da Autoridade Portuaria de Valencia, pero non a da Coruña. Mais non é o único caso: o ferrocarril a Langosteira, a aposta polo tren de cercanías, a humanización de Alfonso Molina ou o apoio á industria nun momento de desmantelamento das fábricas e explosión do desemprego tampouco atopan un lugar no borrador das contas.

Outros investimentos, reiteradamente prometidos, non contan con partida específica, o que fai dudar de que o compromiso do goberno sexa firme e vinculante dados os precedentes. É o caso da pasarela de Pedralonga sobre a avenida da Vedra, onde a veciñanza xoga a vida todos os días para cruzar, para ir ao centro de saúde ou á compra. É o caso da propia estación Intermodal, á que aínda lle agarda un longo proceso de tramitación segundo todos os indicios.

O pasado mes de outubro, a Corporación aprobou unha moción da Marea Atlántica instando a convocar un Pleno Extraordinario para alzar a voz unánime de todas as forzas políticas municipais e demandar do Estado os necesarios investimentos para A Coruña. A portavocía do seu goberno respondeu comprometéndose a convocarnos, mais ese convite nunca chegou. E comeza a ser urxente se queremos cambiar este proxecto de Orzamentos que ignora por completo á Coruña.

A Marea Atlántica considera que poucos asuntos pode haber máis relevantes que esixir o xusto compromiso das contas do Estado coa cidade da Coruña e a súa área metropolitana. Por ese motivo, emprazámola a convocar á maior brevidade o Pleno Extraordinario prometido, antes de que sexa demasiado tarde.

Atentamente,

María García
Voceira do grupo municipal Marea Atlántica